

CONDUCIR NA CIDADE

Unha parte moi importante dos accidentes de tráfico que teñen lugar durante a xornada de traballo, incluídos os desprazamentos de ida e volta á casa, prodúcese nas cidades e os seus arredores. Por iso, cando conduzas pola cidade, é moi importante que non te confíes e que sigas unha serie de recomendacións para diminuíres ao máximo o risco que comportan estes perigos.

MEDIDAS XERAIS

VIXÍA A ESTRADA EN TODO MOMENTO E EN TODAS AS DIRECCIÓNS

- ❖ Mira sempre o máis lonxe posible.
- ❖ Mira adoito aos lados e polos retrovisores.



- ❖ Vira a cabeza para controlar o ángulo morto.

ASEGÚRATE DE QUE PODES FREAR A TEMPO


- ❖ Diminúe a velocidade ante circunstancias desfavorables como poden ser o mal tempo, o tráfico intenso ou unha mala visibilidade.
- ❖ Conserva sempre a distancia de seguridade necesaria.
- ❖ Sitúa o pé enriba do pedal do freo, mais sen pisalo, cando haxa un tráfico denso e creas que os vehículos de diante poden frear.

PROCURA NON SORPRENDER OS DEMAIS

- ❖ Acende as luces cando haxa pouca visibilidade e sinaliza as manobras con tempo suficiente.
- ❖ Usa a bucina cando creas que non te viron ou que non se deron de conta de que vas facer algunha manobra.
- ❖ Frea con suficiente antelación e de forma progresiva.

MEDIDAS EN CRUZAMENTOS, SEMÁFOROS E ROTONDAS

- ❖ Nos cruzamentos sen semáforo nin sinalización vertical ou horizontal, extrema as precaucións e lembra que a preferencia é do vehículo que vén pola túa dereita.



- ❖ Non apures ao cruzares os semáforos en ámbar. Oito de cada dez accidentes graves na cidade prodúcese cando un vehículo acelera para pasar en ámbar e outro arrinca cando aínda non está en verde.




- ❖ Non apures ao incorporarte a outras vías ou rotondas polas que veña algún vehículo.
- ❖ Nas rotondas con dous ou máis carrís, non pases do carril interior á saída directamente. En caso necesario, é mellor que deas outra volta á rotonda para cambiar progresivamente ao carril exterior e, desde aí, tomes a saída.



MEDIDAS A RESPECTO DE MOTOS E BICIS

- ❖ Deixa sempre como mínimo 1,5 m de distancia lateral cando adiantes motos e bicis.



- ❖ Mantén a mesma distancia de seguridade coas motos e bicis que co resto de vehículos.

- ⚡ Non deas por sentado que os motoristas e ciclistas van respectar sempre a túa prioridade.
- ⚡ Non uses a bucina para avisar os ciclistas de que vas adiantalos ou esixirilles que se aparten: poden asustarse e perder o control da bicicleta.

MEDIDAS ANTE OS PEÓNS

- ⚡ Diminúe a velocidade e mantente alerta nas zonas en que haxa máis probabilidade de que alguén cruce de súpeto.



- ⚡ Respecta a preferencia dos peóns e non apures ao cruzares semáforos ou pasos de peóns.



- ⚡ Para á saída de aparcadoiros e garaxes para comprobares que non vén ninguén.
- ⚡ Deixa como mínimo 1,5 m de distancia lateral ao excederes os peóns que circulen pola calzada.



E lembra

Aínda que circules máis amodo e os traxectos sexan máis curtos, na cidade existen outros perigos que debes ter en conta:

- ✓ O exceso de confianza.
- ✓ O maior número de infraccións e manobras perigosas.
- ✓ As propias características do tráfico urbano.

© FREMAP
Ctra. de Pozuelo n.º 61
28220 Majadahonda (Madrid)

RECOMENDACIÓNS DE SEGURIDADE VIARIA: CONDUCCIÓN NA CIDADE



 UNIVERSIDADE DA CORUÑA


FREMAP

Mutua de Accidentes de Trabajo y Enfermedades
Profesionales de la Seguridad Social Número 61

 MINISTERIO DE EMPLEO Y SEGURIDAD SOCIAL	SECRETARÍA DE ESTADO DE LA SEGURIDAD SOCIAL DIRECCIÓN GENERAL DE ORDENACIÓN DE LA SEGURIDAD SOCIAL
---	--

Plan General de Actividades Preventivas de la Seguridad Social 2015